



Concello da Coruña



Area / Unidade TURISMO PS0002 CAG	Documento 52418I00CO
Código de verificación  1T43 3M5I 3Y10 5S50 0794	Expediente 524/2024/36
	Data 17-07-2024

PROPOSTA CONVENIO ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS PARA CONTRIBUÍR Á MELLORA DA SINALIZACIÓN E INSTALACIÓN DE MOBILIARIO NO CAMIÑO INGLÉS AO SEU PASO POLO CONCELLO DE A CORUÑA.

REUNIDOS

- Dunha parte, Don GONZALO HENRIQUE CASTRO PARDO, concelleiro delegado de Cultura e Turismo do CONCELLO DA CORUÑA, CIF P1503000J, que actúa en nome e representación por delegación da alcaldesa para a sinatura e formalización do convenio que articula a subvención nominativa prevista no Anexo de Transferencias do Orzamento Xeral de 2024 no orgánico da Área de Fomento e Promoción da Cidade a favor da Asociación de Concellos do Camiño Inglés, segundo Decreto de Alcaldía 3637/2024, do 27 de xuño, de conformidade co que dispoñen o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e o artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

- E doutra, don BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, en calidade de presidente da ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS (CIF: G70586425) e domicilio social na rúa Isaac Díaz Pardo, s/n, Sigüeiro, 15888, A Coruña.

Actúa Dona María Esther Álvarez Martínez, Oficial Maior do Concello da Coruña, para dar fe do acto, de acordo coas facultades que lle son propias de acordo co previsto no artigo 3.2i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo e disposición adicional oitava, apartado d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

As dúas partes, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente capacidade legal necesaria e poder bastante para obrigarse por este convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

2.- Que a Asociación de Concellos do Camiño Inglés é unha entidade sen ánimo de lucro constituída o 14.02.2019 que ten, entre outros fins estatutarios, promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico de Camiño Inglés e ofrecer o apoio necesario ás persoas peregrinas que transitan por este itinerario Xacobeo. Con este obxecto, esta entidade representa aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes fins.



O Concello da Coruña forma parte da entidade desde a súa adhesión á mesma e aprobación expresa dos Estatutos que a rexen por Acordo Plenario do 14.05.2020, no que se recoñece que a adhesión terá efectos desde o 1.01.2020.

3.- Que a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa das beneficiarias; que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo a beneficiaria cumprir os deberes materiais e formais que se estableceron; e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

4.- Que a Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no apartado dous, artigo 3, e respecto da colaboración interadministrativa, en materia de patrimonio cultural, recolle que as entidades que integran a administración local teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural, e a adoptar, en casos de emerxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens que visen a súa integridade ou valor ameazados.

5.- Que o Concello da Coruña entende de interese social o desenvolvemento de actuacións da promoción, defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés polo que presta o seu apoio a iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio nese ámbito territorial do Camiño Inglés, tendo en conta que é membro da Asociación por acordo plenario.

6.- Que a Asociación aprobou en asemblea xeral a execución do proxecto denominado “*Mellora e posta en valor do Camiño Inglés*”, e a Deputación Provincial da Coruña asinou coa entidade o 10.05.2021 un convenio que articula unha subvención nominativa para a cofinanciamento desta actuación na cantidade de 342.414,54 € supoñendo un cofinanciamento do 78,55458% do total da actuación (407.875,60 €), aportando cada un dos 16 concellos a cantidade restante.

Por acordo do 7.10.2022 da Asemblea Xeral Extraordinaria da Asociación apróbanse os sobrecustos do proxecto que pasa de 407.875,60 € a 473.131,80 € debido ás “*dificultades do proxecto que implica a 16 concellos e comprende máis de 32 actuacións que se someterán a licitación pública..*” e tendo en conta “*os sobrecustos que se producen por mor das dificultades na subministración de materiais e aplicación das novas lexislacións nas contratacións de obra pública...*”.

Coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, a Asociación realiza licitación pública para a execución do proxecto. Así, consta na Plataforma de Contratación do Sector Público a licitación e adjudicación da obra denominada “*Actuacións de mellora e posta en valor do camiño inglés*” (Expediente 001/2023/OB) que comprende 3 lotes.

O Lote 1, comprensivo das actuacións a realizar nos concellos de Ferrol, A Coruña e Narón, contempla un orzamento base de licitación de 90.362,61 €, e adjudicouse á empresa SYR-AMG SL por un importe de 89.305,27 €, o que supón unha Baixa do 1,17%. O contrato do Lote 1 asinouuse o 31.07.2023.

O orzamento de licitación das actuacións que se realizarán no Concello da Coruña, xunto coa parte proporcional de seguridade e saúde, resultou ser de 26.862,16 €. Tendo en conta a baixa sinalada o prezo adjudicado para estas actuacións resulta ser de 26.862,14354 €.



Concello da Coruña



7.- Que como consecuencia do incremento dos custos do proxecto, o convenio asinado coa Deputación ao que se fai referencia no punto anterior modificouse por Acordo do Pleno da Deputación do 28.10.2022 que, entre outras, xa incorpora como orzamento da obra total o que figura no proxecto que se someteu a licitación (473.131,80 €, e non o que figuraba no convenio inicial de 435.893,38 €). O importe da subvención concedida non varía, pero si varía a porcentaxe de cofinanciamento da obra que resulta ser agora do 72,37192% xa que a subvención da Deputación establécese como unha porcentaxe do coste final da actividade subvencionada. Ao tempo, modifícase o prazo de execución dos gastos ata o 31.10.2023 e a vixencia do convenio ata o 31.01.2024. De novo o convenio modifícase polo Acordo do Pleno do 22.12.2023 que aproba unha nova prórroga solicitada pola Asociación, polo que na actualidade o convenio asinado en 2021 ten como data de vixencia e data de xustificación o 31.10.2024.

8.- Que ademais do cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña, a Asemblea da Asociación aprobou as cantidades que deberían aportar para o proxecto cada un dos concellos que forman parte da mesma. Por esta razón, o Orzamento Municipal para 2024 recolle, na aplicación orzamentaria 61.432.789.50, unha subvención de carácter nominativo a favor da Asociación de Concellos do Camiño Inglés de **5.000,00 euros**.

Esta axuda, de acordo co proxecto licitado e adjudicado que figura na Plataforma de Contratación do Sector Público, está destinada a ampliar e mellorar a sinalización do Camiño Inglés, co obxecto de evitar confusións, nalgúns puntos do trazado ao seu paso polo Concello da Coruña. A tal fin, colocaranse novas *mouteiras* (pedras con símbolos indicativos), e ampliarase e recolocarase parte da sinalización vertical que xa existe en distintas rúas do trazado ao seu paso polo Concello da Coruña. Doutra banda, parte da subvención está dirixida á instalación de pantallas *cobre-contedores* de lixo, que axudarán a mellorar a imaxe e percepción das persoas peregrinas nos tramos urbanos de Camiño Inglés ao seu paso polo Concello da Coruña.

A execución destas actuacións ponse de manifesto ante a falta ou a deficiente sinalización nalgúns dos puntos do trazado do Camiño Inglés que transcorren polo Concello da Coruña.

O Decreto 138/2008, do 22 de maio, polo que se regula a sinalización turística de Galicia, busca dotar á Comunidade Autónoma dunha sinalización turística propia, ao obxecto de facilitar o coñecemento dos recursos turísticos, mellorando a súa imaxe de destino turístico e a calidade da súa oferta turística.

En canto á instalación de mobiliario, no caso das pantallas *cobre-contedores*, búscase executar unha solución que se pon como exemplo na *Guía de boas prácticas para as actuacións nos Camiños de Santiago*. Así, se pretende mellorar a imaxe e percepción por parte das persoas peregrinas nun tramo urbano do Camiño.

9.- Que a LXS, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, nos termos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

10.- Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, o 3.05.2024 requiríuse polo director de Área de Turismo á entidade a presentación, a través da Sede electrónica do Concello, da solicitude de subvención achegando os modelos para facela efectiva. A entidade presenta a documentación requirida o 9.05.2024. Examinada a mesma, requíreselle o 10.06.2024 para a rectificación do orzamento de ingresos e gastos presentado coa fin



de adaptalo á adxudicación producida no lote 1 do proxecto como se sinalou no punto 6 anterior. Esta rectificación preséntase o 21.06.2024.

Á vista da documentación presentada, e dos documentos acreditativos cumprimento dos requisitos esixidos pola LXS, o concelleiro delegado de Cultura e Turismo resolveu autorizar o gasto e conceder á Asociación de Concellos do Camiño Inglés a cantidade de cinco mil euros (5.000.- €), con cargo á aplicación orzamentaria 61.432.789.50 do Orzamento Municipal en vigor e subscribir un convenio entre ambas entidades coa fin de contribuír ao cofinanciamento das actuacións da entidade da que forma parte e conforme ao aprobado na súa Asemblea Xeral.

Polo exposto, unha vez comprobado que a entidade cumpre cos requisitos establecidos na LXS, as dúas partes acordan a firma do presente convenio con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto da axuda. Descrición das actuacións

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello da Coruña e a Asociación de Concellos do Camiño Inglés coa finalidade de contribuír ao cofinanciamento do proxecto denominado “*Actuacións de mellora e posta en valor do camiño inglés*” que consta na Plataforma de Contratación do Sector Público (Expediente 001/2023/OB) e que contempla actuacións a realizar en cada un dos dezaseis concellos polos que transcorre este tramo do itinerario Xacobeo; en concreto, contribuír ao cofinanciamento das actuacións que o citado proxecto sinala como correspondentes ao Concello da Coruña e que corresponde ao Lote 1 da licitación.

O resumo das actuacións a realizar son as seguintes de acordo coa descrición polo miúdo que sinala o proxecto licitado e adxudicado comprenden:

- A mellora da sinalización do Camiño Inglés ao seu paso polo Concello da Coruña coa instalación de novos sinais (colocación de *mouteiras*) e da reparación das xa existentes.
- A colocación de novos elementos de sinalización vertical en determinados puntos do trazado dentro do núcleo urbano da cidade da Coruña.
- A instalación de *cobre-contedores de lixo* en varios puntos do tramo final do Camiño Inglés no Concello da Coruña para mellorar a percepción do trazado por parte dos peregrinos.

SEGUNDA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola LXS e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RXS); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese a achegar á Asociación de Concellos do Camiño Inglés a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 euros), con cargo á aplicación 61.432.789.50 do orzamento municipal en vigor.

CUARTA.- Deberes da entidade beneficiaria

A Asociación de Concellos do Camiño Inglés comprométese ao seguinte:



Concello da Coruña



- Destinar os fondos achegados polo Concello da Coruña a cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento de solicitude do convenio e de acordo co balance de ingresos e gastos ou orzamento e demais documentación que se achegou coa solicitude de convenio efectuada, que se desenvolverá no exercicio actual, así como a presentar a documentación xustificativa da subvención nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.

A avaliación das actividades a realizar realizarase mediante a aportación das certificacións das obras finalizadas, asinadas polo contratista e a dirección da obra, conforme ao Proxecto Técnico e o Prego de Cláusulas Administrativas que figuran no expediente de contratación publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

- Deberá cumprir co sinalado no informe do Departamento de Patrimonio Urbanístico do Concello (documento nº 6A216I0090) relativo ás titularidades municipais, doutras administracións públicas e particulares (neste último caso debendo contar coas oportunas autorizacións da propiedade) dos terreos ou emprazamentos nos que se instalarán as sinalizacións.

Ao tempo, deberá comunicar ao Servizo de Medio Ambiente as datas en que terá previsto instalar os cobe-contenedores coa fin de que este Servizo dite as instrucións precisas en relación á instalación, así como comunicar ao Servizo de Infraestruturas e Mobilidade do Concello a instalación destas sinalizacións, debéndose achegar copia destas comunicacións coa xustificación da subvención, así como das autorizacións da propiedade dos terreos ou emprazamentos privados.

- Comunicar por escrito e de xeito motivado no prazo máximo dun mes, desde a notificación da concesión da subvención, na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>, calquera modificación dos datos identificadores do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.

- Comunicar ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes desde que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.

- Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.

- Cumprir co disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipo) e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade (BOP núm. 204, do 25 de outubro de 2019).

- Cumprir con que a comunicación e a produción escrita e oral (carteleira, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) de toda a actividade subvencionada polo Concello da Coruña deberá estar en lingua



galega, segundo impón o artigo 20.4 da Ordenanza Municipal Reguladora do Uso da Lingua Galega no Concello da Coruña (BOP núm. 116, do 22 de xuño de 2021).

- Cumprir coas obrigas de publicidade que sinala a cláusula undécima.
- Cumprir cos demais deberes impostos pola LXS e as demais normas de aplicación.

Todas as actuacións desenvolvidas pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo municipal de Turismo, polo que a Asociación de Concellos do Camiño Inglés someterase a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. (artigo 14.1.c da LXS).

QUINTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co artigo 32 do RXS, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda a cargo da entidade beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase do custo total da actividade, de conformidade co art. 32.2 do RXS.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que estableza a normativa reguladora das devanditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no artigo 34 do RXS, no caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e aquelas fosen compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. No caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste convenio.

A achega municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte o financiamento previsto, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

1.- Considéranse subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, se realicen durante 2024 e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula décima deste convenio.



Concello da Coruña



En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles gastos de investimento que figuran na desagregación correspondente ao Concello da Coruña no proxecto licitado e adxudicado que consta na

Plataforma de Contratación do Sector Público (tal e como se reflicte no expoñendo 6 deste convenio) e que a entidade presentou coa correspondente solicitude. Polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do proxecto, tributos devengados para a obtención de licenzas, honorarios pola dirección das obras, control de calidade, etc. Tampouco serán subvencionables os gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.

2.- En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

3.- Os gastos que se realicen que non figuren no proxecto licitado e adxudicado ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

4.- En relación cos gastos indirectos ou gastos xerais da entidade serán subvencionables poderanse imputar á conta xustificativa gastos xerais da entidade até un 20% do orzamento da actividade presentado coa solicitude, ou do gasto executado si é menor, acreditándoos cos correspondentes xustificantes de gasto e de pago efectivo. Con todo, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais até un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderá imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite fehacientemente nos xustificantes de gastos que se trata dun gasto directo e necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas as dúas posibilidades.

SÉTIMA.- Pagamento da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento do deber a favor da entidade beneficiaria e o pago da achega realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación, nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito á cobranza total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no art. 37 da LXS.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado este prazo, sen que se presentase a documentación requirida, arquivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén se poderá realizar o pagamento anticipado da subvención, previa solicitude por parte da entidade, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

O pagamento anticipado polo importe da subvención concedida deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía de ata un 10% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pago polo Concello. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro. Neste sentido, sinalar que, de



conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada.

OITAVA.- Conta bancaria da entidade para o pagamento

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á Asociación de Concellos do Camiño Inglés quen procederá á utilización, con carácter exclusivo, durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio e que quedará afectada ás mesmas.

Na devandita conta ingresarase a achega do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio.

A Asociación de Concellos do Camiño Inglés xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme os principios dunha clara e correcta xestión financeira.

NOVENA.- Prazo de execución

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá desde o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DÉCIMA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses desde a finalización da vixencia do convenio, a Asociación de Concellos do Camiño Inglés deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal> a seguinte documentación para os efectos de xustificación do convenio:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido para o efecto, que incluíra unha declaración responsable e unha relación da documentación que se adxunta para a xustificación.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grao de cumprimento de obxectivos. Desviacións en relación ás actuacións a realizar no Concello da Coruña que se reflicten no proxecto licitado e adxudicado e/ou incidencias salientables. Achegaranse tamén fotografías das actuacións realizadas.
- Certificacións de obra subscritas polo director de obra e polo contratista.



Concello da Coruña



- Facturas expedidas polo contratista e certificación de aprobación das mesmas polo órgano competente da entidade.
- Acta de recepción das obras e acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade sinaladas na cláusula undécima deste convenio (con inclusión de fotografías) e da inscrición de nota marxinal no

Rexistro da Propiedade na que se deixe constancia do financiamento do Concello da Coruña e da afectación dos terreos e/ou inmobles á finalidade para a que se concedeu esta subvención alomenos por un prazo de dez anos.

- Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado. Neste sentido, o importe da subvención está vencellado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada. Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seu caso, ao reformulado, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, até o límite do 75%. No caso de que se xustificara un gasto inferior ao 75% do orzamento subvencionado inicial, ou no seu caso reformulado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonará ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.

- Acreditación do pagamento efectivo de cada un dos gastos mediante o sistema de transferencia bancaria, debendo achegar o xustificante de pagamento bancario. Se o pagamento se efectúa mediante cheque ou talón deberá achegarse fotocopia do mesmo, e igualmente extracto ou movemento bancario que acredite que a persoa destinataria o fixo efectivo.

Non se admitirán pagos en efectivo.

Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobranza da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega ás mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

UNDÉCIMA.- Información e Publicidade

O nome e anagrama do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin, e respecto á cartelería, dípticos, trípticos, *flyers* ou elementos publicitarios análogos, deberán presentar un exemplar do modelo utilizado xunto á conta xustificativa, co obxecto de comprobar que se inclúen os logos deste concello. A imaxe corporativa a incorporar está recollida no manual vixente que pode descargarse na seguinte dirección: <https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>.



En especial, nos carteis de obra deberá figurar a imaxe corporativa do Concello da Coruña, xunto cos demais entes cofinanciadores que resulten, así como en calquera soporte final que faga referencia á data de inauguración da obra no tramo correspondente ao Concello da Coruña.

Ao mesmo tempo, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan pola Asociación de Concellos do Camiño Inglés, dirixidas tanto ao público en xeral como ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello da Coruña no financiamento das mesmas. De conformidade co artigo 20 da LGS e o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvencions-e-axudas>.

DÉCIMO SEGUNDA.-Seguimento, vixilancia e control

Constituirase unha comisión paritaria para o seguimento das accións derivadas deste convenio. Esta comisión poderá reunirse cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, deberá reunirse, polo menos unha vez, antes do 30 de novembro, para o seguimento e vixilancia da correcta execución do presente convenio. Esta comisión estará formada por dous representantes de cada parte asinante e presidida polo director de Área de Turismo do Concello da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA.- Reintegro

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a deber de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a orixe do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da LXS e no artigo 91 e seguintes do RXS dando, en todo caso, audiencia á persoa interesada. Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron.
- Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente nos termos establecidos en este convenio.
- Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión e publicidade contidas na cláusula décimo primeira deste convenio.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derivase a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- En caso de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe do financiamento público supere o custo da actividade, no importe do exceso producido.



Concello da Coruña



- Calquera outra causa que expresamente constituía infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na LXS e normativa de desenvolvemento.
- En caso de xustificar máis aló do prazo sinalado na cláusula décima, e tras o requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do RXS.
- E os demais supostos previstos na LXS.

DÉCIMO CUARTA.- Infraccións e sancións

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na LGS e a súa normativa de desenvolvemento. Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da LGS, axustándose ao procedemento sancionador previsto na devandita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a aprobación do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- Causas de Resolución do convenio

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento dos deberes e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis. Así mesmo, será causa de resolución do presente convenio a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas, aviso previo/previo aviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes desde que aquel fose detectado.

DÉCIMO SEXTA.- Responsabilidade

A Asociación de Concellos do Camiño Inglés queda sometida á responsabilidade e réxime sancionador establecido no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

DÉCIMO SÉPTIMA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerese polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, na súa falta, polo establecido na normativa xeral. As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Ambas as dúas partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais da Coruña.

No non disposto neste convenio, será de aplicación a LXS e RXS, así como a Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.



As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo con os principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade asíñase este convenio dixitalmente, para un só efecto e na data que consta na correspondente sinatura dixital, xunto coa sinatura da Oficial Maior do Concello que da fe do acto.

A Oficial Maior
María Esther Álvarez Martínez

O concelleiro delegado de Cultura e
Turismo

(P.D. Alcaldía, Decreto 3637/2024, do 27
de xuño)

Gonzalo Henrique Castro Pardo

Presidente da Asociación
de Concellos do Camiño Inglés

Bernardo Fernández Piñeiro